

# **COORDINACION DE POLICIAS LOCAIS**

## **Memoria de actividades**

**Ano 2012**

## ÍNDICE

1. **Presentación**
2. **Actividades de carácter normativo**
3. **Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación**
  - 3.1. *Procesos selectivos*
  - 3.2. *Ditames e informes emitidos*
  - 3.3. *Contratación de persoal auxiliar de policía local*
  - 3.4. *Colaboración institucional*
  - 3.5. *Circulares*
  - 3.6. *Consultas*
  - 3.7. *Asuntos contenciosos*
- 4.- **Actividades dos órganos de coordinación**
  - 4.1- *Gabinete Técnico*
  - 4.2.- *Comisión de Coordinación das Policía Local de Galicia*
4. **Distincións de honra ao persoal das policía local**
5. **Cadros de persoal dos corpos de policía local**
6. **Actividades de subvención e axuda dende a Xunta de Galicia**  
*Axudas para o financiamento de contratación temporal dos auxiliares de policía en tempada de verán*
7. **Actividades de formación a través da AGASP**

## 1.- Presentación

## 1. PRESENTACIÓN

Do mesmo xeito que no anterior, durante o ano 2012 se desenvolveron unha serie de actividades de coordinación dirixidas a velar polo estrito cumprimento da normativa, contando coa colaboración e o bo entendemento tanto coas autoridades locais como coas xefaturas de policía e as representacións sindicais, que se converten deste xeito nos cooperadores necesarios para que nas circunstancias actuais de dificultades económicas e de falta de persoal, os corpos de policía local poidan cumprir coas súas funcións.

Por isto, dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior se mantivo o criterio de ofrecer sempre una dose xusta de flexibilidade que, sen saírse do marco normativo de referencia, permitise aos corpos de policía local dos concellos galegos desempeñar mellor a súa principal función, que non é outra ca de garantir a liberdade e a seguridade da cidadanía á que serven, tendo en conta especialmente a necesidade desa policía de barrio, próxima á cidadanía, cunhas funcións propias en mediación e unha proactividade asistencial importante.

Se mantivo durante o pasado ano unha alta actividade de asesoramento, seguimento, axuste e control da aplicación polos concellos da normativa de coordinación, en cumprimento das funcións atribuídas na Lei 4/2007. Cómpre salientar, como vimos facendo nas últimas memorias, que esta actividade de control vai sendo cada ano un pouco menor, o que ven significar que os concellos se axustan en maior medida á normativa de coordinación, cumprindo practicamente todos, agás casos puntuais e case sempre en temas de menor importancia.

O mesmo que xa sucedera no ano 2011, no pasado non se puido por diversas cuestións desenvolver ata o mes de xuño o acto de recoñecemento ao persoal das policía locais. Para iso se publicou por unha banda a Orde do 15 de maio de 2012 pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2012; así como a Resolución da mesma data da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se acorda entregar o Distintivo de Permanencia ao persoal dos corpos de policía local que cumprisen durante o ano 2011 máis de 25 anos de servizo efectivo, e que non o tivesen xa recibido.

Nesta ocasión, unha vez emitido informe da Comisión de Coordinación de Policía Local, na reunión do 14 de maio de 2012, logo de avaliar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta, se concedeu a Placa Individual ao Mérito da Policía Local aos policía locais María del Carmen Martínez Fernández e Antonio Carbajal González, do corpo de Policía Local do Concello do Carballiño.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Administración Local, continuou durante o ano 2012 e malia a delicada etapa económica, coas axudas aos concellos para a contratación de auxiliares de policía de tempada.

Do mesmo xeito a Academia Galega de Seguridade Pública seguiu a desenvolver o seu importante papel na formación do persoal de policía local e vixilantes municipais, a través do Servizo de Formación Policial, completando unha serie de actividades formativas imprescindibles tanto para a formación inicial como a continua.

Nesta memoria, ademais de dar cumprimento a obriga recollida na Lei 4/2007, relativa á publicación anual da memoria de actividades de coordinación de policía locais, inclúense as actividades da Comisión de Coordinación das Policía Locais, así como a estatística, que ten como fonte os datos comunicados polos concellos respecto dos seus corpos de policía local ou dos vixilantes municipais ao Rexistro, de grande importancia para a toma de decisións nesta materia. Figuran tamén os datos referentes aos actos de entrega de condecoracións e distincións desenvolvidos no ano 2012.

Santiago Villanueva Álvarez  
*Director xeral de Emerxencias e Interior*  
*Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia*



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)  
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486  
15703 Santiago de Compostela



## **2.- Actividades de carácter normativo**



## **2.- Actividades de carácter normativo**

### **2.1.- Orde do 15 de maio de 2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2012.**

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que o persoal dos corpos de policía local de Galicia pode ser distinguido ou recompensado de acordo co que se determine regulamentariamente.

Consonte con esta previsión, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a citada lei, establece no seu artigo 98 que a consellería competente en materia de seguridade concederá mediante orde a placa colectiva e a placa individual, así como a medalla ao mérito da policía local.

De acordo co anterior procedeuse a estudar pola unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais as propostas formuladas, seguindo o procedemento que establece o artigo 99 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, para a concesión destas distincións. As propostas feitas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, como unidade directiva competente en materia de coordinación, atópanse amplamente documentadas, foron informadas e valoradas positivamente pola Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia, en sesión do 14 de maio de 2012, e sometidas á resolución e ditame desta consellería.

Concesión da Placa Individual ao Mérito da Policía Local aos policía locais María del Carmen Martínez Fernández e Antonio Carbajal González, do corpo de Policía Local do Concello do Carballiño.

Vistos os feitos descritos na proposta para a concesión da Placa Individual ao Mérito da Policía Local, unha vez emitido informe da Comisión de Coordinación de Policía Locais, na reunión do 14 de maio de 2012, e logo de avaliar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta, esta consellería resolveu conceder a Placa Individual ao Mérito da Policía Local, pola súa intervención nun acto de servizo, evidenciando un sobresaliente e excepcional valor, con risco grave e inminente para as propias vidas, aos policía locais do Concello do Carballiño María del Carmen Martínez Fernández e Antonio Carbajal González.

Así mesmo, de acordo co previsto nos artigos 101 e 102 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, esta concesión acreditarase mediante o correspondente diploma e constará no Rexistro de Distincións e no Rexistro das Policía Locais de Galicia, e darase conta ao Concello do Carballiño para os efectos do seu expediente persoal.



**2.2.- Resolución do 15 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se acorda outorgar o Distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia.**

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que o persoal dos corpos de policía local de Galicia pode ser distinguido ou recompensado de acordo co que se determine regulamentariamente.

Deste xeito o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento de devandita lei, determina no seu artigo 89 as modalidades de distincións; na alínea c) figura o distintivo de permanencia, a que se refire tamén o número 3 do artigo 90, cando expresa que este distintivo se entregará aos policía locais, calquera que sexa a súa categoría, cando se cumpran os requisitos de permanencia e de traxectoria profesional exixidos para a súa concesión.

O mesmo Decreto 243/2008, no seu artigo 93.1º, establece que o distintivo de permanencia se entregará anualmente, mediante resolución do titular da unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais, aos policía locais cando cumpran 25 anos de servizos efectivos no corpo, calquera que sexa a súa categoría, sempre que non consten antecedentes desfavorables no seu expediente persoal ou pendentes de cancelar, cuestións que deberán acreditarse polos concellos que corresponda.

De acordo, entón, co previsto no artigo 93.1º antes citado, do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, resólvese o outorgamento do Distintivo de Permanencia, por teren cumpridos en 31 de decembro de 2012, 25 anos de servizo nos corpos de policía local, segundo as certificacións dos respectivos concellos de pertenza, tanto respecto do tempo de servizos como do cumprimento do resto de requisitos.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)  
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486  
15703 Santiago de Compostela



### **3.- Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación**



### **3.- Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación**

#### **3.1.- Procesos selectivos**

Rxtrato: 909

Data: 31/12/2011

Persoa/Entidade: Concello de Culleredo

Asunto: Culleredo. Ditame convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame da convocatoria de proceso selectivo do Concello de Culleredo

Rxtrato: 934

Data: 12/01/2012

Persoa/Entidade: Concello de Narón

Asunto: Narón. Modificación das bases da convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Nota interior da Dirección Xeral de Administración Local a través da que se remite certificación dun acordo do Concello de Narón polo que se resolve a modificación das bases da convocatoria de proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de policía local. A modificación non alcanza o sistema de cobertura nin a determinación da orde de participación das persoas participantes.

Rxtrato: 967

Data: 17/01/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Narón. Remisión informe proceso selectivo

Sinopse/Contido: Nota interior pola que se remite o informe desta dirección acerca das bases da convocatoria de proceso selectivo do Concello de Narón

Rxtrato: 972

Data: 19/01/2012

Persoa/Entidade: Concello do Porriño

Asunto: Alegacións ás emendas formuladas ás bases da convocatoria de policías do ano 2011



**Sinopse/Contido:** A Dirección Xeral de Administración Local remite as alegacións que formula o Concello do Porriño por mor das emendas formuladas por esta unidade respecto da convocatoria de proceso selectivo para prazas de policía local do ano 2011

Rxtro: 975

Data: 19/01/2012

Persoa/Entidade: Concello do Porriño

Asunto: Resposta ás alegacións do concello

**Sinopse/Contido:** Resposta ás alegacións do Concello do Porriño respecto do informe emitido por esta dirección xeral acerca da conformidade das bases da convocatoria de proceso selectivo para as prazas de Policía Local do concello. Convocatoria do ano 2011

Rxtro: 1056

Data: 30/01/2012

Persoa/Entidade: Concello de Coristanco

Asunto: Comunicación da AGASP respecto dun proceso de integración

**Sinopse/Contido:** Comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública pola que refire información de irregularidade do proceso selectivo realizado polo Concello de Coristanco para a integración de persoal de policía local

Rxtro: 1057

Data: 30/01/2012

Persoa/Entidade: Concello de Coristanco

Asunto: Resposta á AGASP respecto do proceso de integración (D.A. 2.ª Lei 4/2007)

**Sinopse/Contido:** Comunicación á AGASP respecto da interpretación extensiva da Disposición adicional segunda da Lei 4/2007, respecto dos procesos selectivos a desenvolver para o cumprimento da integración do persoal que reúne os requisitos da lei para súa integración. Observacións (fundamentación do criterio mantido por esta unidade respecto da extemporaneidade dos procesos selectivos convocados ou pendentes de convocar polos concellos).

Rxtro: 1065

Data: 31/01/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Traslado resposta á Administración Local



Sinopse/Contido: Comunicación e-mail dirixida á subdirectora xeral de Réxime Xurídico a quen se lle da coñecemento da comunicación-resposta dirixida á Academia Galega de Seguridade Pública

Rxtro: 1122

Data: 07/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Arteixo

Asunto: Ditame das bases da convocatoria de proceso selectivo para unha praza de inspector

Sinopse/Contido: Ditame das bases da convocatoria do proceso selectivo para unha praza de inspector, por concurso-oposición, promoción interna.

Rxtro: 1166

Data: 14/02/2012

Persoa/Entidade: Consellería de Facenda

Asunto: Procesos selectivos ano 2012. Orde actuación participantes

Sinopse/Contido: Resolución do 7 de febreiro de 2012 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Rxtro: 1257

Data: 02/03/2012

Persoa/Entidade: Concello do Porriño

Asunto: Bases da convocatoria para inspector

Sinopse/Contido: Borrador bases concello do Porriño

Rxtro: 1258

Data: 02/03/2012

Persoa/Entidade: Concello do Porriño

Asunto: Visto e prace conformidade das bases para inspector

Sinopse/Contido: Borrador bases concello do Porriño

Rxtro: 1309

Data: 13/03/2012



Persoa/Entidade: Concello de Ferrol

Asunto: Bases convocatoria prazas promoción interna: oficial

Sinopse/Contido: Borrador das bases específicas da convocatoria para a provisión de catro prazas de oficial (3 promoción interna e unha mobilidade)

Rxtro: 1336

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ferrol

Asunto: Bases convocatoria prazas promoción interna: inspector

Sinopse/Contido: Bases específicas da convocatoria para a provisión de dúas praza de inspector (unha por promoción interna e outra por mobilidade)

Rxtro: 1340

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ferrol

Asunto: Informe bases convocatoria proceso selectivo provisión catro prazas de oficial

Sinopse/Contido: Informe sobre a adaptación á normativa de coordinación de policía locais das bases de convocatoria de proceso selectivo para a provisión de catro prazas de oficial de policía local

Rxtro: 1341

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ferrol

Asunto: Informe bases convocatoria proceso selectivo provisión dúas prazas de inspector

Sinopse/Contido: Informe sobre a adaptación á normativa de coordinación de policía locais das bases de convocatoria de proceso selectivo para a provisión de dúas prazas inspector de policía local

Rxtro: 1342

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Arteixo

Asunto: Inspector. Bases da convocatoria de proceso selectivo por promoción interna

Sinopse/Contido: Solicitud de ditame das bases da convocatoria



Rxtro: 1343

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Arteixo

Asunto: Publicación das bases da convocatoria para a praza de inspector

Sinopse/Contido: BOP da Coruña núm. 51, 14/03/2012 Bases para a praza de inspector, por promoción interna

Rxtro: 1344

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Arteixo

Asunto: Ditame das bases publicadas no BOP

Sinopse/Contido: Ditame de conformidade das bases da convocatoria para a praza de Inspector Concello de Arteixo

Rxtro: 1346

Data: 16/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Lugo

Asunto: Convocatoria da praza de xefa/e de policía local

Sinopse/Contido: Convocatoria (BOP) da praza de xefa/e do corpo de policía local BOP 14/03/2012 Detalle da oferta: Escala: administración especial, Categoría: inspector principal, Grupo: A, Subgrupo: A2

Rxtro: 1352

Data: 20/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Bergondo

Asunto: Ditame bases BOP proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame das bases de proceso selectivo para unha praza de oficial por promoción interna. Formúlanse reparos sobre:

- Funcionaria/o para o cargo de secretaria/o
- Proba de coñecemento da lingua galega

Rxtro: 1353

Data: 20/03/2012



Persoa/Entidade: Concello de Bergondo

Asunto: Convocatoria de proceso selectivo para oficial de policía local

Sinopse/Contido: BOP da Coruña Data: 20 de marzo de 2012 concello de Bergondo.  
Unha praza de oficial, por promoción interna

Rxtro: 1354

Data: 20/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Lugo

Asunto: Informe das bases de proceso selectivo xefatura do corpo de policía local de Lugo

Sinopse/Contido: Ditame con reparos respecto da convocatoria realizada polo concello

Rxtro: 1460

Data: 28/03/2012

Persoa/Entidade: Concello das Pontes de García Rodríguez

Asunto: Suspensión de proceso selectivo para policías

Sinopse/Contido: Publicación no BOP da suspensión do proceso selectivo iniciado para dúas prazas de policías. Convocatoria ano 2011

Rxtro: 1826

Data: 07/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Lugo

Asunto: Nomeamento de xefe de policía local

Sinopse/Contido: Concello de Lugo BOP 07-05-2012 Nomeamento de xefe de policía local Manuel Méndez Novoa, inspector principal

Rxtro: 1828

Data: 07/05/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Nomeamento de xefe de policía local

Sinopse/Contido: Informe con reparos ao decreto da Alcaldía do Concello de Lugo que resolve o nomeamento de xefe do corpo de policía local.



Rxtrato: 1829

Data: 07/05/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Remisión ditame sobre nomeamento de xefe de policía local

Sinopse/Contido: Nota interior remisoría do ditame de 7 de maio de 2012 respecto do nomeamento de xefe de policía local do Concello de Lugo

Rxtrato: 2053

Data: 18/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Melide

Asunto: Bases da convocatoria de proceso selectivo (Oficial e Policía)

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Oficial e outra de Policía

Rxtrato: 2054

Data: 18/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Melide

Asunto: Informe das bases de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Informe con reparos das bases da convocatoria. Reparos: Designación e composición do tribunal, Proba de galego

Rxtrato: 2124

Data: 25/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Pontedeume. Convocatoria proceso selectivo (4 prazas policía local).

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria proceso selectivo para a provisión de catro prazas de policía local: 3 oposición libre e unha mobilidade

Rxtrato: 2130

Data: 25/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Ditame con reparos das bases da convocatoria

Sinopse/Contido: Ditame con reparos sobre:





- Orde de desenvolvemento das probas e duración do proceso
- Dereitos de exame
- Referencia ao anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009
- Indicacións limitativas de tempos non previstas na normativa

Rxtrato: 2131

Data: 25/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Informe bases proceso selectivo

Sinopse/Contido: Comunicación ditame con reparos das bases da convocatoria

Rxtrato: 2214

Data: 31/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Bases convocatoria proceso selectivo emendadas

Sinopse/Contido: Consulta das bases da convocatoria de proceso selectivo

Rxtrato: 2217

Data: 31/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Ditame conformidade bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame de conformidade coas bases da convocatoria de proceso selectivo  
Prazas: 4 Categoría: Policía (Quenda libre e mobilidade)

Rxtrato: 2218

Data: 31/05/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Comunicación ditame de conformidade

Sinopse/Contido: Comunicación ao concello do ditame das bases

Rxtrato: 2228

Data: 31/05/2012

Persoa/Entidade: Cidadanía



Asunto: Reclamación bases de convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Reclamación fronte das bases da convocatoria de proceso selectivo do Concello do Porriño. Fundamento: non respectar o contido da Orde do 28 de xaneiro de 2009

Rxtrato: 2229

Data: 31/05/2012

Persoa/Entidade: Cidadanía

Asunto: Solicitud de informe e xustificante de recibo

Sinopse/Contido: Comunicaci3ns dirixidas a:

- Concello do Porriño: solicitud informe e traslado da reclamaci3n
- Direcci3n Xeral de Administraci3n Local, informaci3n da reclamaci3n

Rxtrato: 2304

Data: 08/06/2012

Persoa/Entidade: Concello de Melide

Asunto: Bases corrixidas da convocatoria de proceso selectivo (Oficial e Policía)

Sinopse/Contido: Bases corrixidas segundo o informe emitido por esta unidade para a provisi3n dunha praza de policía e outra de oficial

Rxtrato: 2312

Data: 11/06/2012

Persoa/Entidade: Concello de Melide

Asunto: Ditame conformidade bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame conformidade bases convocatoria proceso selectivo para prazas de Policía e Oficial

Rxtrato: 2314

Data: 11/06/2012

Persoa/Entidade: Concello de Melide

Asunto: Comunicaci3n ditame de conformidade

Sinopse/Contido: Comunicaci3n do ditame de conformidade das bases



Rxtrato: 2334

Data: 12/06/2012

Persoa/Entidade: Academia Galega de Seguridade Pública

Asunto: Procesos selectivos: colaboración institucional da Xunta de Galicia cos concellos

Sinopse/Contido: Colaboración institucional e ámbito competencial, de acordo coas previsións del art. 32 (aptos. 5 y 6) de la Lei 4/2007.

Rxtrato: 2335

Data: 12/06/2012

Persoa/Entidade: Academia Galega de Seguridade Pública

Asunto: Procesos selectivos de policía local: posibilidades de colaboración da Xunta de Galicia

Sinopse/Contido: posibilidades de colaboración da Xunta de Galicia cos concellos para o desenvolvemento dos procesos selectivos de persoal para os corpos de policía local.

Rxtrato: 2357

Data: 13/06/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Convocatoria de proceso selectivo (BOP)

Sinopse/Contido: Convocatoria de catro prazas de policía local BOP 12-06-2012

Rxtrato: 2359

Data: 13/06/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Ditame conformidade bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Concello de Pontedeume BOP 12-06-2012 Catro prazas de Policía local ( quenda libre: 3, mobilidade: 1)

Rxtrato: 2360

Data: 13/06/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Comunicación ditame de conformidade



Sinopse/Contido: Nota interior Dirección Xeral de Administración Local Ditame conformidade Bases BOP Concello de Pontedeume

Rxtrato: 2576

Data: 19/07/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Recurso de alzada. Procesos selectivos

Sinopse/Contido: Recurso de alzada por considerar lesiva a convocatoria dun proceso selectivo para prazas de policía local no Concello de Pontedeume.

Rxtrato: 2577

Data: 19/07/2012

Persoa/Entidade: Concello de Pontedeume

Asunto: Recurso de alzada. Procesos selectivos

Sinopse/Contido: Comunicación da Resolución sobre a admisibilidade de recurso de alzada interposto contra un proceso selectivo no Concello de Pontedeume

Rxtrato: 2591

Data: 23/07/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Informe sobre procedencia do proceso de integración de persoal auxiliar de policía local

Sinopse/Contido: Solicitud que formula o Concello de Sada acerca da procedencia de convocatoria dun proceso selectivo para a integración de persoal auxiliar de policía local.

Rxtrato: 2592

Data: 23/07/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Informe sobre procedencia do proceso de integración de persoal auxiliar de policía local

Sinopse/Contido: Ditame da procedencia de desenvolvemento (fóra do prazo establecido pola lei) para a integración de persoal auxiliar de policía local



Rxtra: 2699

Data: 03/08/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Integración, exixencias e proceso extraordinario

Sinopse/Contido: Ditame sobre as exixencias do persoal a integrar e non previsión de proceso extraordinario por parte da Xunta.

Rxtra: 2901

Data: 24/09/2012

Persoa/Entidade: Concello de Santa Comba

Asunto: Bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Remisión das bases da convocatoria de proceso selectivo para unha praza de policía local

Rxtra: 2903

Data: 24/09/2012

Persoa/Entidade: Concello de Santa Comba

Asunto: Reparos as bases da convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame con reparos das bases da convocatoria:

Titulación académica esixida

Falta de indicación da entidade e conta bancaria

Designación de vogais

Rxtra: 2992

Data: 05/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Narón

Asunto: Acordo da Xunta de Goberno Local

Sinopse/Contido: Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Narón, do 20 de setembro de 2012, polo que se aproba unha proposta de nomeamento de funcionarios en prácticas para o desenvolvemento do curso selectivo de formación e o período de prácticas que superen o correspondente proceso selectivo previo.

Rxtra: 3052



Data: 11/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Informe bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Informe sobre adaptación á normativa de coordinación de policía locais das bases de convocatoria de proceso selectivo para prazas de policía local

Rxtro: 3066

Data: 17/10/2012

Persoa/Entidade: Cidadanía

Asunto: Requirimento de anulación de convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Requirimento de anulación da convocatoria dun proceso selectivo para a integración de persoal que refire a D.A. 2.ª Lei 4/2007, por extemporáneo.

Rxtro: 3067

Data: 17/10/2012

Persoa/Entidade: Cidadanía

Asunto: Rexeitamento da nulidade de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Resposta pola que se rexeita o pedimento de nulidade dun proceso selectivo para a integración de persoal comprendido na D.A. 2.ª Lei 4/2007 con fundamento en:

Obriga dos concellos de realizar os correspondentes procesos selectivos (mandato imperativo da lei).

Vulneración do dereito do persoal afectado á participación nos procesos selectivos a convocar polos concellos.

Rxtro: 3083

Data: 22/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Bases convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para unha praza de Policía.

Rxtro: 3084

Data: 22/10/2012



Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Ditame convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame da convocatoria de proceso selectivo para unha praza de Policía.

Rxtro: 3086

Data: 22/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Convocatoria de proceso selectivo para a Xefatura do corpo

Sinopse/Contido: Convocatoria de proceso selectivo para cubrir a praza de Xefa/e do corpo de policía local.

Rxtro: 3087

Data: 22/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Ditame convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame con emendas da convocatoria do proceso selectivo para cubrir a praza de Xefatura do corpo

Rxtro: 3090

Data: 23/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Solicitud de informe sobre recursos fronte a convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Recursos formulados fronte da convocatoria de proceso selectivo para a integración de persoal comprendido na D.A. 2.ª da Lei 4/2007, de coordinación de policías locais. Fundamento do recurso: extemporaneidade da convocatoria

Rxtro: 3091

Data: 23/10/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: integración de persoal

Sinopse/Contido: O proceso de integración da D.A. 2.ª Lei 4/2007, de coordinación de policías locais



Rxtrato: 3137

Data: 02/11/2012

Persoa/Entidade: Concello de Culleredo

Asunto: Bases convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Convocatoria de proceso selectivo Concello de Culleredo Prazas: 2  
Categoría: Policía Sistema: mobilidade

Rxtrato: 3138

Data: 02/11/2012

Persoa/Entidade: Concello de Culleredo

Asunto: Ditame convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame de conformidade das bases da convocatoria de proceso selectivo, polo sistema de mobilidade, para prover dúas prazas de Policía

Rxtrato: 3199

Data: 12/11/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sada

Asunto: Corrección de erros das bases da convocatoria

Sinopse/Contido: Publicación no BOP da Coruña da modificación das bases da convocatoria de proceso selectivo para policía locais.

Rxtrato: 3264

Data: 03/12/2012

Persoa/Entidade: Concello de Santa Comba

Asunto: Convocatoria de proceso selectivo para policía locais

Sinopse/Contido: Convocatoria pública de proceso selectivo para prazas de policía locais Concello de Santa Comba Prazas: 1 Categoría: Policía local BOP da Coruña, do 27 de novembro de 2012

Rxtrato: 3265

Data: 03/12/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local





Asunto: Solicitud de informe sobre proceso selectivo

Sinopse/Contido: Solicitud de informe sobre proceso selectivo convocado polo Concello de Santa Comba

Rxtrato: 3266

Data: 03/12/2012

Persoa/Entidade: Dirección Xeral de Administración Local

Asunto: Ditame convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Ditame de conformidade das bases da convocatoria de proceso selectivo do Concello de Santa Comba Prazas: 1 Categoría: Policía local

Rxtrato: 3313

Data: 21/12/2012

Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Bases convocatoria de proceso selectivo

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para unha praza de policía no concello de Gondomar

Rxtrato: 3314

Data: 21/12/2012

Persoa/Entidade: Concello de Gondomar

Asunto: Informe bases convocatoria proceso selectivo

Sinopse/Contido: Informe con reparos das bases da convocatoria para unha praza de policía no concello de Gondomar. Reparos na orde de desenvolvemento das probas ao non resultar acorde coa modificación operada polo Decreto 77/2010, do 29 de abril

### ***3.2.- Ditames e informes emitidos***

Rxtrato: 1063

Data: 31/01/2012

Persoa/Entidade: Concello de Noia

Asunto: Integración (D.A. 2.ª Lei 4/2007)



Sinopse/Contido: É o parecer desta dirección xeral que a disposición adicional segunda ao contemplar a existencia dunha determinada situación que afecta a todas aquelas persoas que estean prestando servizos nos concellos nos termos que sinala a lei, non só establece un mandato claro para que os concellos procedan ao desenvolvemento dos correspondentes procesos selectivos de integración no prazo sinalado, senón tamén que recoñece a existencia dun dereito a integración de determinadas persoas, a exercer a través do proceso selectivo que tamén indica.

Rxtrato: 1119

Data: 07/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Noia

Asunto: Integración de persoal

Sinopse/Contido: Solicitud informe relativo á legalidade das instrucións emanadas do xefe da policía local e a posibilidade de incoación dun procedemento extraordinario de integración.

Rxtrato: 1129

Data: 08/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Noia

Asunto: Persoal interino. Tarxetas de identidade

Sinopse/Contido: Comunicación do xefe da Policía Local de Noia pola que procede a retirarlle as tarxetas de identidade ao persoal interino

Rxtrato: 1130

Data: 08/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Noia

Asunto: Obriga de documento de identidade do persoal de policía

Sinopse/Contido: Obrigatoriedade de documento de identidade para todo tipo de persoal que colabora coa policía

Rxtrato: 1155

Data: 13/02/2012

Persoa/Entidade:

Asunto: Integración de persoal (D.A. 2.ª Lei 4/2007)



Sinopse/Contido: Solicitud de informe acerca da integración de persoal afectado pola Disposición Adicional Segunda da Lei 4/2007

Rxtro: 1156

Data: 13/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Guitiriz

Asunto: Integración de persoal (D.A. 2.ª Lei 4/2007)

Sinopse/Contido: Ditame respecto da integración de persoal segundo as exigencias establecidas pola Lei 4/2007

Rxtro: 1239

Data: 28/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Poio

Asunto: Integración. Falta de titulación académica

Sinopse/Contido: Persoal de policía local que carece da titulación académica de acceso ás escalas e categorías previstas na Lei 4/2007.

Rxtro: 1246

Data: 29/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Poio

Asunto: Solicitud de información acerca do proceso de integración

Sinopse/Contido: Procedencia da integración e reclasificación de persoal de policía local que carece da titulación académica para reclasificarse na escala e categoría correspondente

Rxtro: 1290

Data: 09/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Sanxenxo

Asunto: Listaxe de persoal que superou o proceso selectivo (integración)

Sinopse/Contido: Listaxe do persoal que superou o proceso selectivo; a listaxe abrangue o persoal afectado polo proceso de integración

Rxtro: 1292

Data: 09/03/2012



Persoa/Entidade: Concello de Guitiriz

Asunto: Guitiriz. Integración de persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Solicitud informe sobre a posibilidade de convocatoria dun concurso-oposición para a integración de persoal auxiliar de policía.

Rxtra: 1308

Data: 13/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Guitiriz

Asunto: Integración de persoal policial. Ámbito competencial das Alcaldías dos concellos

Sinopse/Contido: Rexeitamento de pronunciamento por esta dirección xeral para a determinación dos requisitos do persoal participante nos procesos de integración por mor da exclusividade competencial das Alcaldías dos concellos respecto do persoal afecto aos corpos de policía local (art. 5 da Lei 4/2007)

Rxtra: 3163

Data: 09/11/2012

Persoa/Entidade: Compol

Asunto: Solicitud de ditame sobre uniformidade policial

Sinopse/Contido: Pedimento dunha empresa subministradora de pronunciamento sobre a conformidade dunhas pezas de uniformidade realizadas para o Concello de Lugo

Rxtra: 3164

Data: 09/11/2012

Persoa/Entidade: Compol

Asunto: Rexeitamento de pronunciamento sobre suministro de equipamento

Sinopse/Contido: Comunicación de rexeitamento de emisión do ditame solicitado a unha empresa subministradora de equipamento para policías locais

### ***3.3.- Contratación de persoal auxiliar de policía local***

Rxtra: 1152



Data: 13/02/2012

Persoa/Entidade: Concello da Pobra do Caramiñal

Asunto: Bases de proceso selectivo para auxiliares

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1153

Data: 13/02/2012

Persoa/Entidade: Concello da Pobra do Caramiñal

Asunto: Ditame das bases da convocatoria de auxiliares

Sinopse/Contido: Ditame de conformidade das bases da convocatoria. Faise unha observación respecto da proba de coñecementos da lingua galega, salientando o nivel de exigencia do Celga 3, de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Rxtro: 1210

Data: 23/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Nigrán

Asunto: Bases da convocatoria de proceso selectivo para auxiliares de policía local. Ano 2012

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para auxiliares de policía local

Rxtro: 1213

Data: 23/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Vilagarcía de Arousa

Asunto: Bases convocatoria auxiliares de policía local. Ano 2012

Sinopse/Contido: Convocatoria de proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1214

Data: 23/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Nigrán

Asunto: Ditame bases auxiliares de policía local



Sinopse/Contido: Ditame con reparos respecto das bases de proceso selectivo para persoal auxiliar. Reparos: Publicidade exigencia dun carné sen concreción.

Rxtro: 1215

Data: 23/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Vilagarcía de Arousa

Asunto: Ditame bases de contratación de persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Ditame das bases da convocatoria de proceso selectivo para prazas de auxiliar de policía local.

Reparos:

- Consideración dunha actuación para emenda da infrarrepresentación feminina para dirimir os empates.
- Probas físicas; erro na indicación dos anos

Rxtro: 1216

Data: 23/02/2012

Persoa/Entidade: Concello de Vilagarcía de Arousa

Asunto: Exixencias para a contratación de persoal auxiliar de policía local

Sinopse/Contido: Información ao concello para o suposto de contratación de persoal auxiliar de policía local por tempo superior a catro meses.

Rxtro: 1283

Data: 08/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Moaña

Asunto: Bases convocatoria de proceso selectivo para auxiliares de policía

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para prazas de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1284

Data: 08/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Moaña

Asunto: Ditame bases auxiliares de policía local

Sinopse/Contido: Ditame con reparos das bases da convocatoria de proceso selectivo para persoal auxiliar de policía local.



Rxtro: 1286

Data: 09/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Moaña

Asunto: Comunicación do ditame das bases

Sinopse/Contido: Ditame das bases remitidas respecto da contratación de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1295

Data: 09/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Vilagarcía de Arousa

Asunto: Exame da solicitude contratación de persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Exame previo da xustificación do pedimento para a contratación de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1296

Data: 09/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Vilagarcía de Arousa

Asunto: Exixencias para a contratación de persoal auxiliar de policía local

Sinopse/Contido: Resposta á consulta formulada pola Xefatura de Policía Local respecto das exixencias para o recurso á contratación de persoal auxiliar de policía local.

Rxtro: 1356

Data: 21/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Meaño

Asunto: Bases da convocatoria para a contratación de persoal auxiliar de policía local

Sinopse/Contido: Bases da convocatoria de proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar de policía local. Formulouse ditame con reparos.

Rxtro: 1357

Data: 21/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Meaño



Asunto: Emendas formuladas ás bases para persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Emendas das bases da convocatoria de proceso selectivo para persoal auxiliar de policía local.

Rxtrato: 1377

Data: 22/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ares

Asunto: Solicitud de contratación de persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Solicitud de contratación de persoal auxiliar.

Rxtrato: 1378

Data: 22/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ares

Asunto: Bases convocatoria de proceso selectivo para auxiliares de policía

Sinopse/Contido: Bases convocatoria de proceso selectivo para auxiliares de policía.

Rxtrato: 1379

Data: 22/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ares

Asunto: Autorización prórroga contratación de persoal auxiliar

Sinopse/Contido: Autorización da contratación prevista no artigo 95 da LCPL.

Rxtrato: 1380

Data: 22/03/2012

Persoa/Entidade: Concello de Ares

Asunto: Ditame bases auxiliares de policía local

